



galicianfilmforum.gal | galicianfilmforum@gmail.com | facebook.com/GalicianFilm | twitter.com/GalicianFF

NOTA DE PRENSA | 21 de xuño do 2022

O Galician Film Forum organiza por primeira vez unha actividade en Irlanda e proxecta 'Negro púrpura' no Trinity College Dublin

- A estrea en Irlanda do documental de Sabela Iglesias e Adriana P. Villanueva será este xoves, 23 de xuño, no Trinity College Dublin
- O Galician Film Forum, que adoita programar regularmente cinema galego en Londres, da o salto así á veciña Irlanda

O **Galician Film Forum** (GFF) amplía as súa área xeográfica de actividade coa estrea en Irlanda do documental *Negro púrpura* de Sabela Iglesias e Adriana P. Villanueva. A proxección será no Trinity College Dublin e vai ser posible grazas á colaboración entre o GFF e o Department of Hispanic Studies da School of Languages, Literatures and Cultural Studies da institución dublinesa.

A actividade terá lugar este xoves, 23 de xuño, no Arts Building do campus universitario e o filme proxectarase en versión orixinal con subtítulos en inglés. Durante o evento vaise proxectar tamén un vídeo gravado expresamente por Sabela Iglesias e Adriana P. Villanueva, directoras de *Negro púrpura*, para a ocasión. A entrada do evento é gratuita pero cómpre reservala con antelación nesta [ligazón](#).

O documental *Negro púrpura* retrata a Galiza do século XX a través do *Cláviceps purpúrea*, un fungo alucinógeno que agroma nos cereais e que agocha historia tan descoñecida como importante no devir da cultura e da economía galega dunha época. Coñecido por nomes como caruncho, cornecelo, dentón, cornello ou grao de corvo, por citar algúns, o *Cláviceps purpúrea* é o vínculo inesperado entre as historias da casa, as multinacionais farmacéuticas, a CIA, as pragas medievais, a medicina popular e o LSD.

Galician Film Forum

O GFF naceu no 2015 no seo dun grupo de galegos emigrados a Londres co obxectivo de crear un espazo para a difusión do cinema galego na capital británica. A súa actividade artículase en tres eixes:

como plataforma de exhibición, como observatorio da nova diáspora creativa audiovisual no Reino Unido e como espazo de reflexión sobre o cinema e a cultura galega en termos universais.

- **Entradas:** <https://negropurpuradublin.eventbrite.co.uk>
- **Negro púrpura:** <https://negropurpura.gal/> | **Tráiler:** <https://youtu.be/1-WYTzo4JRY>



CONTACTO DE PRENSA

Adriana Páramo

+36 616 10 57 08 | +44(0) 7884 348 144

galicianfilmforum@gmail.com

galicianfilmforum.gal

Facebook: GalicianFilm

Twitter: GalicianFF

Instagram: [galicianfilmforum](https://www.instagram.com/galicianfilmforum)
